

## Concello de San Sadurniño

---

**Expediente núm.:** 26/2022

**Acta de Constitución do Tribunal Calificador e desenvolvemento do segundo exercicio**

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR E DESENVOLVEMENTO DO SEGUNDO EXERCICIO

Reunidos na Casa da Xuventude de San Sadurniño, o 29 de novembro de 2022, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes a prover a praza de Traballador ou Traballadora Social, vacante neste Concello:

Cargo	Identidade
Presidente	Mario Antonio Lado Campelo
Secretaria	Mónica Cibreiro Caneiro
Vogal	Yolanda Martínez García
Vogal	Ignacio Crespo López

Segundo o artigo 19.2 da Lei 40/2015, debido á ausencia por enfermidade do Presidente, éste é substituído polo vogal Mario Antonio Lado Campelo. Constituído o Tribunal calificador, e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas, acórdase proceder ao chamamento para realización do segundo exercicio (terceira proba ao terse declarado exentos do exercicio de coñecemento da lingua galega a todos os aspirantes por ter aportado certificado Celga 4) consistente nun suposto práctico referido ao contido do temario anexo e relacionado coas funcións propias do posto de traballo para estimar apto ao aspirante aos efectos de continuar no proceso selectivo, nun tempo de dúas horas.

Realizado o chamamento único ás 09:00 horas, concurren presencialmente ao exame os seguintes aspirantes:

- Bouza Piñón, Lorena
- Doval Álvarez, Natalia
- Rodríguez López, Oscar José
- Saavedra Pino, David
- Seco Seco, Lucía

Cando son as 11:20 horas, dáse por rematado o exercicio. De seguido procédese á lectura e defensa individualizada do exercicio na Casa do Concello, o cal será gravado incorporando a

---

**Concello de San Sadurniño**

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

## Concello de San Sadurniño

---

gravación ao expediente para posibles impugnacións.

Neste exercicio valorarase a formación xeral, a claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita, e a capacidade de síntese.

Segundo as bases, a cualificación máxima deste exercicio é de 34 puntos, cualificarase de 0 a 17 puntos a parte da resolución e de 0 a 17 puntos a exposición e defensa. Deberase acadar una puntuación mínima de 8,5 puntos para superar cada unha das partes, sendo preciso superar as dúas partes para aprobar a proba.

Realizada a corrección, a cualificación do segundo exercicio é a seguinte:

Identidade do Aspirante	CODIGO	Puntos Obtidos	Cualificación [Apto/Non Apto]
Bouza Piñón, Lorena	24	26	Apto
Doval Álvarez, Natalia	23	26,35	Apto
Rodríguez López, Oscar José	22	25,35	Apto
Saavedra Pino, David	20	27	Apto
Seco Seco, Lucía	21	23,35	Apto

En consecuencia, este Tribunal acorda o anuncio da lista de aprobados no taboleiro de anuncios do Concello, no portal de transparencia e na Casa da Xuventude con outorgamento de TRES DÍAS HÁBILES dende a publicación do citado anuncio para a presentación de reclamacións ao exame e convoca o terceiro exercicio consistente nunha proba obrigatoria e eliminatoria que consistirá na realización dunha proba oral na que se realizarán preguntas para avaliar a capacidade competencial das persoas candidatas, ao abeiro dos artigos 61.5 da RDL 5/2015 e 55.3 da Lei 2/2015. A duración da proba será de 30 minutos.

O Tribunal acorda, finalmente, fixar a data de celebración do terceiro exame para o día 12 de decembro de 2022 ás 9:00 horas.

E sendo as 15 horas e 45 minutos, o Sr. Presidente da por finalizada a sesión e orde a publicación da presente acta.

En San Sadurniño, asinado dixitalmente,

O presidente,

A secretaria,

Asd. Mario Antonio Lado Campelo

Asd. Mónica Cibreiro Caneiro

---

**Concello de San Sadurniño**

O Casal 16, SAN SADURNIÑO. 15560 (A Coruña). Tfno. 981490027. Fax: 981490474

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIO ANTONIO LADO CAMPELO, NIF \*\*\*4945\*\*, 01/12/2022 11:20:02.

CSV: CDEA-BC24-45A7-B07A